



XUNTA  
DE GALICIA

# PROTECCIÓN DE DATOS NOS CENTROS EDUCATIVOS

Tratamento de datos persoais polos centros educativos públicos non universitarios dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia



**He's making a list**

**He's checking it twice**

**He's gonna find out who's naughty or nice**

**Santa Claus is in contravention of article 4  
of the General Data Protection Regulation  
(EU) 2016/679**



## Datos persoal

- » Toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable (a persoa interesada) sendo unha persoa física identificable “toda persoa cuxa identidade poida determinarse, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador, por exemplo un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da devandita persoa”.



# Principios da protección de datos

- 1 Licitude, lealdade e transparencia
- 2 Limitación da finalidade
- 3 Minimización de datos
- 4 Exactitude
- 5 Limitación do prazo de conservación
- 6 Integridade e confidencialidade



# Lexitimación para o tratamento

- 1 Consentimento
- 2 Relación contractual
- 3 Obriga legal ou cumprimento misión interese público
- 4 Interese vital (saúde)
- 5 Interese lexítimo



## Excepcións á necesidade de consentimento no ámbito educativo

### Disposición adicional vixésimo terceira da LOE:

- 1 Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

---
- 2 Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente supoñerá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.



## Principio de consentimento. *Réxime xeral do consentimento*

- » Cando é necesario: No caso de que o tratamento dos datos persoais non atope encaixe noutra base lexitimadora das previstas no artigo 6 do RXPDP requirirase o consentimento das persoas afectadas.  
.....
- » Este consentimento poderá ser retirado en calquera momento e debe poder ser retirado por medios tan sinxelos como os que se utilizaron para o seu outorgamento. A retirada do consentimento non ten carácter retroactivo, polo que os tratamentos efectuados antes dela serán lícitos. A persoa interesada deberá ser informada desta posibilidade antes de dar o seu consentimento.  
.....
- » Cando se pretenda basear o tratamento dos datos no consentimento da persoa afectada para varias finalidades diferenciadas, será preciso recoller o consentimento de maneira específica e inequívoca para todas elas.  
.....
- » Quen debe consentir:
  - **Maiores de 14 anos.**
  - **Proxenitores (unidos ou non unidos por vínculo matrimonial) ou titores legais**



## Categorías especiais de datos

» **Categorías:** datos persoais que revelen a orixe étnica ou racial, as opinións políticas, as conviccións relixiosas ou filosóficas, ou a afiliación sindical, e o tratamento de datos xenéticos, **datos biométricos dirixidos a identificar de maneira unívoca a unha persoa física**, datos relativos á saúde ou datos relativos á vida sexual ou as orientación sexuais dunha persoa física.

» Posibilidade de tratamento:

1. o interesado deu o seu consentimento explícito;
2. o tratamento é necesario para o cumprimento de obrigacións e o exercicio de dereitos específicos do responsable do tratamento ou do interesado no ámbito do Dereito laboral e da seguridade e protección social;
3. o tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física;
4. o tratamento é efectuado, no ámbito das súas actividades lexítimas e coas debidas garantías, por unha fundación, unha asociación ou calquera outro organismo sen ánimo de lucro;
5. o tratamento refírese a datos persoais que o interesado fixo manifestamente públicos;
6. o tratamento é necesario para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións ou cando os tribunais actúen en exercicio da súa función xudicial;
7. o tratamento é necesario por razóns dun interese público esencial;
8. o tratamento é necesario para fins de medicina preventiva ou laboral, avaliación da capacidade laboral do traballador, diagnóstico médico, prestación de asistencia ou tratamento de tipo sanitario ou social, ou xestión dos sistemas e servizos de asistencia sanitaria e social;
9. o tratamento é necesario por razóns de interese público no ámbito da saúde pública,
10. o tratamento é necesario con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos





## Deber de sigilo e confidencialidade

### Deber de sigilo dos empregados públicos:

- » Artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.  
.....
- » Disposición adicional vixésimo terceira da LOE.  
.....
- » Artigo 5 da LOPDDDG.

### Deber de sigilo doutras persoas que poidan ter acceso aos datos:

- » Persoas con acceso aos datos como consecuencia de calquera tipo de prestación de servizo contratado polo centro.  
.....
- » Persoas que poden ter acceso como membros de órganos colexiados ou como colaboradores.

### Deber de sigilo de familias e alumnado.



XUNTA  
DE GALICIA



## Consideracións especias sobre os datos de saúde

- » ¿Que debe coñecer cada membro da comunidade educativa?

---

- » ¿Como articulamos a protección de datos coa necesidade de atender aspectos de saúde do alumnado?



## Publicacións en taboeiros

- » Lexitimación para a publicación: é necesario que exista unha lexitimación para a súa publicación, ben o consentimento ou unha norma legal.
- » Forma da publicación: ven recollida na Disposición adicional sétima da LOPDGDD (Identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos).
- » As listaxes deberán publicarse o tempo mínimo necesario para cumprir a súa finalidade e unha vez non resulten necesarias deberán retirarse.
- » As listaxes que conteñan datos persoais deberán publicarse en taboleiros internos do centro, non accesibles desde o exterior do centro educativo



## Principio de consentimento. *Tratamento de imaxes*

- » Capacidade para consentir: Maiores de 14 anos.  
.....
- » Artigo 84. Protección dos menores na internet. 2. A utilización ou difusión de imaxes ou información persoal de menores nas redes sociais e servizos da sociedade da información equivalentes que poidan implicar unha intromisión ilexítima nos seus dereitos fundamentais determinará a intervención do Ministerio Fiscal, que instará as medidas cautelares e de protección previstas na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.  
.....
- » Artigo 92. Protección de datos dos menores na internet. Os centros educativos e calquera persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan actividades nas que participen menores de idade **garantirán a protección do interese superior do menor e os seus dereitos fundamentais, especialmente o dereito á protección de datos persoais, na publicación ou difusión dos seus datos persoais a través de servizos da sociedade da información.** Cando dita publicación ou difusión fóra a ter lugar a través de servizos de redes sociais ou servizos equivalentes deberán contar co consentimento do menor ou os seus representantes legais, conforme ao prescrito no artigo 7 desta lei orgánica.



## Cautelas seguridade dixital

- » Cada centro docente debe contar coa súa propia política de seguridade, e as aplicacións educativas deben estar incluídas nesta, debendo os profesores solicitar, previamente á súa utilización, a autorización do centro, así como informar aos pais, nais e titores legais do alumnado.
- » Deben utilizarse unicamente aquelas aplicacións que ofrezan información claramente definida sobre os tratamentos efectuados, as finalidades dos mesmos e os seus responsables, así como sobre a localización dos datos, o período de retención, e as garantías con relación á súa seguridade.
- » As aplicacións que se utilicen deben permitir o control, por parte do profesorado, dos contidos subidos polos menores, en especial dos contidos multimedia (fotos, vídeos e gravacións de voz do alumnado).
- » Debe gardarse especial coidado cos tratamentos de datos persoais que sexan facilitados por terceiros sen mediación da persoa titular dos datos, e en concreto, coa publicación de fotografías ou vídeos de alumnos facilitados por outros alumnos ou profesores.
- » Deben establecerse programas informativos de concienciación orientados cara á protección dos datos persoais, dirixidos a profesorado e alumnado, sobre a importancia do uso correcto de aplicacións.



## Cautelas seguridade dixital

- » Ao utilizar sistemas de almacenamento de documentos en nube débese evitar incluír datos persoais sensibles, tales como datos relativos á saúde, contrasinais, datos bancarios, material audiovisual de contido sensible, etc.
- » Antes de proceder a implantar o uso dunha plataforma ou aplicación débese facer unha avaliación da mesma desde o punto de vista de protección de datos.
- » Para esta avaliación debe terse en conta se o responsable da aplicación informa claramente de determinados aspectos por exemplo a identidade e dirección do responsable, as finalidades para as que serán utilizados os datos, as posibles comunicacións de datos a terceiros e a súa identidade, así como a finalidade pola que se ceden, etc.
- » Ademais os datos deben estar almacenados nun país do Espazo Económico Europeo ou un país que ofrezca un nivel de protección equivalente (que fose así acordado pola Axencia Española de Protección de Datos ou por Decisión da Comisión Europea).



## Cautelas aprendizaxe virtual

### Ferramentas

- » Deben utilizarse de xeito prioritario as ferramentas postas a disposición polos servizos centrais da Consellería a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), xa que se trata de ferramentas que contan cunha análise previa das súas condicións de seguridade e das garantías de privacidade da información.

---

- » No suposto de utilizar ferramentas externas, o seu uso debe ser aprobado pola dirección do centro educativo. Para proceder á dita aprobación deben coñecerse as aplicacións que se vaian utilizar, a súa política de privacidade e as súas condicións de uso, debendo rexeitarse as que non ofrezan información suficiente sobre o tratamento dos datos persoais que realicen. Así mesmo, o uso de ferramentas externas require así mesmo o consentimento do alumnado ou dos seus representantes legais, e, de ser o caso, un contrato de encargado de tratamento.

---

- » As comunicacións entre o profesorado e os proxenitores do alumnado deben levarse a cabo, preferentemente, a través dos medios postos ao dispor pola administración educativa (plataformas educativas, correo electrónico do centro). O uso de aplicacións de mensaxería instantánea entre o profesorado e os proxenitores do alumnado ou entre o profesorado e o propio alumnado non resulta recomendable.



## Cautelas aprendizaxe virtual

### Grabación clases online

- » Non se aprecia base lexitimadora para que o alumnado poida realizar este tipo de gravacións. O alumnado polo tanto non debe realizar gravacións das clases.

---

- » Con respecto á gravación da clase por parte do profesorado, existe unha base lexitimadora na LOE, sempre e cando a dita gravación se realice unicamente cunha función educativa. A este respecto debe indicarse que a gravación non pode ser utilizada con ningunha outra finalidade, pero si estaría lexitimado realizar unha gravación da clase, por exemplo, para poder poñela a disposición de algún alumno ou alumna que non puidera acceder na data e hora sinalada para a impartición da clase, ou para poder utilizala con outros grupos de alumnado.

---

- » Ante situacións de semipresencialidade no ensino, a actividade presencial da aula poderá ser retransmitida por medios telemáticos para o alumnado que non acode ao centro educativo. Na retransmisión velarase porque non sexa posible a identificación do alumnado presente na aula mediante a axeitada colocación da cámara. A retransmisión realizarase preferentemente en directo coas ferramentas subministradas pola Consellería e informarase ao alumnado de que non pode ser divulgada.





## Cautelas aprendizaxe virtual

### Grabación exames online

non existe unha base lexitimadora xeral que se basee na necesidade de celebración das probas con carácter virtual.

Pautas da AEPD para realizar a ponderación de intereses que debe facerse:

- » Realización de probas tipo test ou escrito que deba facer o alumnado, enténdese que non existe, como norma xeral, unha base lexitimadora que permita gravar ao alumno ou alumna mentres realiza a proba, xa que existen outros medios menos invasivos para comprobar que o alumnado non está utilizando axudas externas para a súa realización.

---

- » En relación á posibilidade de gravación das probas orais, a AEPD indicou que a norma xeral será a de non poder realizar estas gravacións. A xuízo da AEPD a mera realización da proba de xeito virtual non supón unha diferenza esencial respecto á modalidade presencial que lexitime a súa gravación.

---

- » Polo tanto, o criterio xeral á hora de realizar gravacións das probas de avaliación debe ser restritivo e atendendo aos mesmos criterios que existían antes da suspensión da actividade lectiva presencial, entendendo que non existe unha base lexitimadora xeral fundamentada na ausencia de presencialidade da actividade lectiva que permita gravar as probas de avaliación con carácter xeral.

